



ORDENANZA FISCAL Nº33, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

PUBLICACIÓNS:

BOP, 27/12/07.

MODIFICACION BOP 29/12/2012

MODIFICACION 26/12/2013.

ARTIGO 1.- Normativa aplicable.

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica rexerese :

- Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no R.D.L. 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen.
- Pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo, que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nos mesmos. Ós efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Non están suxeitos o imposto:

- Os vehículo que dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con motivo de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ó desta natureza.
- Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cando a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica propia a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4.- Exencións.

a) Exencións aplicables de oficio:

1. Estarán exentos deste imposto:



I.-Exencións subxectivas:

- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, identificados externamente e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.
- Os vehículo respecto os cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.

II.- Exencións obxectivas:

- As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.
- Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade de exceda de nove prazas incluída a do conductor.

b) Exencións aplicables á solicitude do interesado por razón de minusvalía ou discapacidade.

- Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos.

De igual xeito, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoal con discapacidade como ós destinados o seu transporte.

As exencións previstas neste apartado non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais dun vehículo simultaneamente.

Ós efectos do disposto nesta letra, consideraranse persoas con minusvalía os que teñan esta condición legal en grao igual ou superior o 33 %.

- Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provista da cartilla de Inspección Agrícola.
2. Para aplicar as exencións as que se refiren os apartados anteriores, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Ademais, deberán acompañar á solicitude os seguintes documentos:
- No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:
 - a) Fotocopia do permiso de circulación do vehículo matriculado ao seu nome.
 - b) Fotocopia do Certificado de Características do vehículo para o que se solicita a exención.
 - c) Fotocopia do Carné de conducir (anverso e reverso).
 - d) Fotocopia da póliza de seguro obrigatorio do vehículo.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- e) Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física, en grado igual ou superior ao sinalado, expedida polo Organismo ou autoridade competente.
 - f) Declaración xurada relativa ao destino do vehículo para o seu uso exclusivo.
 - g) Declaración xurada relativa á inexistencia de exención concedida por este motivo sobre outro vehículo matriculado ao seu nome, no Concello de Xinzo de Limia ou noutro concello distinto.
- No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:
- a) Fotocopia do Permiso de Circulación.
 - b) Fotocopia do Certificado de Características.
 - c) Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo ou certificado de inscrición no rexistro de maquinaria agrícola.
3. Unha vez declarada a exención pola administración municipal, expedirase un documento que acredite dita concesión.
4. No caso de que o certificado de minusvalía presentado amose unha minusvalía en grao temporal e non definitiva, concederase a exención unicamente polo período de tempo establecido ata a próxima revisión de dita minusvalía, debendo o interesado solicitar de novo a concesión, no caso de que, transcorrido dito prazo, se volva declarar polo organismo competente a existencia de dita condición legal de minusválido.

5. No caso de solicitude de exención por minusvalía ou discapacidade, o Concello procederá, antes do seu outorgamento, a solicitar relación dos vehículos que aparecen a nome do solicitante ante a Xefatura Provincial de Trafico. Obtida dita relación solicitarase a colaboración dos Concellos nos que aparezan inscritos ditos vehículos a efectos de comprobar que non se está gozando da mesma exención por outro vehículo. A presentación de Declaración xurada relativa á inexistencia de exención concedida por este motivo sobre outro vehículo matriculado ao seu nome, no Concello de Xinzo de Limia ou noutro concello distinto que resulte ser falsa motivará a comisión dunha infracción tributaria e a apertura do correspondente expediente sancionador nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

c) Aplicación temporal das exencións aplicables á solicitude do interesado.

Toda exención concedida a instancia do interesado aplicarase a partir do exercicio seguinte a aquel en que se concedera pola administración municipal, polo que terá plena vixencia no período tributario posterior a aquel do seu outorgamento.

Non procederá ningunha reclamación por devolución de cantidades satisfeitas polo interesado en concepto de pagamento do Imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica correspondentes a exercicios anteriores a aquel do seu outorgamento.



ARTIGO 5.- Bonificacións.

1. Poderá concederse unha bonificación equivalente ao **50%** do total do Imposto a:

a) Vehículos históricos.

b) Vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñece, tomando como tal a data da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo, variante ou modelo de vehículo se deixou de fabricar.

2. Considéranse vehículos históricos:

a) Os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos.

b) Os vehículos incluídos no inventario xeral de bens mobles do patrimonio histórico español ou declarados bens de interese cultural ou que revistan un interese especial por ter pertencido a algunha personalidade relevante ou intervido nalgún acontecemento de transcendencia histórica.

c) Os chamados “vehículos de colección”.

3. Os vehículos históricos posuirán, en todo caso, a correspondente declaración legal de vehículo histórico efectuada polos órganos competentes da Xunta de Galicia e deberán atoparse catalogados como tales, de acordo co disposto no RD 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos históricos.

4. Os vehículos históricos atoparanse catalogados no rexistro de vehículos da Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, que outorgará a matrícula especial regulada para este tipo de vehículos.

5. A Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense dará traslado ao Concello de Xinzo de Límia, conforme á normativa legal, de todo permiso de circulación que se conceda para este tipo de vehículos, sempre que se atopen domiciliados no municipio.

6. Para poder aplicar estas bonificacións, os interesados instarán a súa concesión, indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio.

De igual xeito, deberá acompañarse á solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do permiso de circulación do vehículo.

b) Copia do certificado de características técnicas do vehículo.

c) No caso de vehículos históricos con antigüidade inferior a vintecinco anos, copia da resolución do órgano autonómico competente sobre a catalogación de dito vehículo como histórico, que dispoña de permiso para circular pola vías públicas soamente con ocasión da asistencia e participación en exposicións e certames de vehículos destas características, que contarán co correspondente permiso de Industria que os cualifique como tales.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión presentando a documentación que acredite o dereito a mesma (permiso de circulación, ficha técnica ou ITV na que se faga constar estas características).

E aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa



primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

ARTIGO 6.- Tarifas.

Artigo 6.- Tarifas.

1.- Establécense os seguintes coeficientes de incremento, por cada tipo de vehículo, sobre as tarifas mínimas establecidas no artigo 95.1 do RD 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Turismos: 1,2599

Autobuses: 1,2627

Camións: 1,2632

Tractores: 1,2664

Remolques e semirremolques: 1,2660

Ciclomotores e motocicletas: 1,2755

2.- As tarifas anuais deste Imposto serán as seguintes:

A) Turismos.

- De menos de 8 cabalos fiscais: 15,90 €.
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 42,94 €.
- De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 90,64 €.
- De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais: 112,90 €.
- De 20 cabalos fiscais en diante: 141,11 €.

B) Autobuses

- De menos de 21 prazas: 105,18 €.
- De 21 a 50 prazas: 149,80 €.
- De máis de 50 prazas: 187,25 €.

C) Camións

- De menos de 1.000 kg. de carga útil: 53,41 €.
- De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 105,22 €.
- De 2.999 a 9.999 kg. de carga útil: 149,86 €.
- De máis de 9.999 kg de carga útil: 187,33 €.

D) Tractores.

- De menos de 16 cabalos fiscais: 22,38 €.
- De 16 a 25 cabalos fiscais: 35,17 €.
- De máis de 25 cabalos fiscais: 105,49 €.

E) Remolque e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica.

- De mais de 750 ata 1.000 kg. de carga útil: 22,37 €.
- De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil: 35,16 €.
- De máis de 2.999 kg. de carga útil: 105,46 €.

F) Outros vehículos

- Ciclomotores: 5,64 €.
- Motocicletas ata 125 c.c.: 5,64 €.
- Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 9,66 €.
- Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 19,32 €.
- Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 38,64 €.
- Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 77,27 €.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ARTIGO 7 .- Instrumento de pago.

O pago do imposto acreditarase mediante recibo tributario expedido polos órganos de Recadación do Concello.

ARTIGO 8.-Período impositivo e aplicación. Procedemento de xestión: Altas.

O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día no que se produza dita adquisición.

O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

O importe da cota do Imposto retearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo de vehículo, esto dende o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Se o Concello coñece da baixa antes da elaboración do instrumento cobratorio correspondente, liquidarase a cota rateada que deba satisfacerse.

Cando a baixa ten lugar despois do ingreso da cota anual, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do rateo previsto lle corresponda percibir.

ARTIGO 9.- Procedemento de xestión .

No caso de primeira adquisición dun vehículo ou cando este se reforme de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a Oficina de xestión correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, a documentación pra que se proceda á liquidación por este imposto segundo o modelo aprobado polo Concello, ó que se acompañarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase **dentro do primeiro cuadrimestre de cada exercicio.**

No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarse mediante o sistema de Padrón anual, no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que estean inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo Municipal.

O Padrón ou matrícula do imposto exporase ó público polo prazo de 1 mes para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formula-lo recurso de reposición oportuno. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos..



ARTIGO 10: Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como ás sancións que lles correspondan, en cada caso, aplicaranse as normas da Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación, así como a restante normativa complementaria dictada na súa aplicación e desenvolvemento.

ARTIGO 11: Declaración xurada.

No suposto de que se acredite o incumprimento por parte do solicitante das condicións de outorgamento de exencións ou bonificacións, debido á falta de veracidade dos datos obrantes na declaración xurada, a administración municipal requiriralle que pague as contías que deixou de abonar durante os exercicios en que se gozou a exención ou bonificación indebidamente. Todo elo sen prexuízo de que o Concello tamén pode abrir un expediente sancionador polas infraccións tributarias derivadas do gozo indebido de exencións ou bonificacións.

O Concello pode levar a cabo actuacións de investigación pra comprobar que os particulares que goce de exención ou bonificacións neste imposto se axustan á legalidade vixente e propor a retirada das mesmas se incumpren as condicións en virtude das cales foi outorgada a citada exención ou bonificación.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.